



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE RELATIVO Á REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON LABORAIS NA RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS PARA O ANO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Asociación de Persoas con discapacidade de Ourense, en adiante ADO, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense, para a realización de prácticas formativas non laborais na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense durante o ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social conta cunha serie de instalacións, entre as que se inclúe a Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico que lles ofrecen aloxamento e mantenza; nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.





Tendo en conta que a Consellería de Política Social está interesada en apoiar e promocionar o proceso formativo das persoas mozas con discapacidade, contando cos medios necesarios para a realización de prácticas formativas non laborais, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís, ambas as dúas partes están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para o apoio ao proceso formativo das persoas mozas con discapacidade, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2018.

